

A Agrupación Médica de CIG-Saúde fai público o documento do SERGAS no que se regula a autoconcertación de tarde nos hospitais.

Trátase dun texto non negociado na Mesa Sectorial, que ten unha redacción confusa, e que está sendo interpretado e aplicado de xeito diferente por parte de distintos xerentes. Para a CIG, o documento, até agora non publicado, demostra que a Consellería de Sanidade carece dunha alternativa coherente para afrontar as listas de espera mediante a existencia de traballo estrutural de tarde nos hospitais.

- 1.- A anterior administración sanitaria chegara a un acordo inicial, na Mesa Sectorial, coa CIG e outros sindicatos para superar o sistema tradicional de peonadas, co que o noso sindicato nunca estivo de acordo. Aquel acordo plasmárase no documento “Redefinición do Complemento Específico” e, nel, vinculábase a autoconcertación ao mantemento da dedicación exclusiva dos facultativos e ao establecemento de traballo estrutural de tarde nos hospitais.
- 2.- Coa entrada do actual goberno, a CIG preguntou reiteradamente na Mesa Sectorial polo desenvolvemento daquel documento. A resposta da Directora de Recursos Humanos foi sempre a mesma: a Administración estaba a preparar un novo documento. Sen embargo, e até hoxe, a actual Administración non presentou documento algún na Mesa Sectorial relativo á autoconcertación.
- 3.- Por outra banda, no mes de agosto de 2009, a Conselleira anunciou a supresión das peonadas de tarde e fixo unha polémica campaña nos medios de comunicación na que se culpabilizaba ao goberno anterior, e as/os profesionais, da perversión das peonadas. Segundo afirmaba a administración, o elemento esencial para reducir as listas de espera era aumentar a actividade en horario de mañá e ían introducir medidas para conseguilo.
- 4.- Pasado máis de un ano desde aquela, as consecuencias reais da decisión de eliminar as peonadas son hoxe evidentes: un importante incremento das listas de espera, tanto cirúrxicas como de consultas, malia que se pretenda ocultar este feito dicindo que houbo unha redución das listas no caso da prioridade 1.
- 5.- Nos últimos meses a Consellería comezou, ás agachadas, a restaurar o sistema de peonadas. Sen publicidade algunha, para que non ficara claro que daba marcha atrás, a administración estableceu unhas novas condicións laborais e retributivas para o persoal que traballe na autoconcertación de tarde, condicións que quedaron reflectido no documento “Instrución sobre a planificación da autoconcertación de programas asistenciais nos centros das áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde”, que hoxe fai público a CIG. Ese documento, até hoxe “clandestino” foi elaborado e distribuído a

todas as xerencias dos hospitais sen ningún tipo de publicidade, e en ningún momento foi debatido na mesa sectorial, como é preceptivo facelo cando se modifican as condicións laborais ou retributivas dos profesionais da sanidade pública.

6.- O documento é malo e contradictorio, e a súa redacción é confusa; nel, o concepto de “consulta de alta resolución”, que pretende ser un dos elementos centrais do documento, é abordado dun xeito especialmente confuso. Ademais, ao non ser público, senta as bases para seguir mantendo un dos peores aspectos das peonadas tradicionais: a posibilidade de negociacións individuais cos distintos profesionais e servizos, por parte das direccións dos hospitais.

7.- A falta de claridade do documento, e o seu carácter “clandestino”, está provocando unha grande variabilidade na súa aplicación práctica. Na maioría dos hospitais as direccións dos hospitais simplemente non o aplican e, pouco a pouco, están volvendo a aplicar o sistema tradicional de peonadas; e naqueles hospitais nos que os xerentes están aplicar o documento, están a facelo de xeito claramente heteroxeneo.

8.- A CIG chama a Consellería de sanidade a que aborde o problema de organizar o traballo de tarde nos hospitais con seriedade. O noso sindicato é contrario ao sistema tradicional de peonadas e defende a necesidade de organizar dun xeito estrutural ese traballo, pactando as súas condicións na mesa sectorial.

Santiago, 23 de decembro de 2010

María Xosé Abuín Álvarez
Secretaria Nacional de CIG-Saúde

Francisco Luís Vázquez Vizoso
Portavoz Nacional da Agrupación Médica de CIG-Saúde

